

Concerto de Batuko Tabanka

PROTAGONISTAS	Batuko Tabanka, agrupación musical composta por doce mulleres de orixe caboverdiana radicadas na Mariña lucense, que reivindicán a música tradicional de Cabo Verde e difunden a súa cultura entre a sociedade galega.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Promover a interculturalidade e actitudes de respecto cara a poboación inmigrante.• Promover o coñecemento dun país co que tradicionalmente ten cooperado o Fondo Galego.• Visibilizar á comunidade caboverdiana afincada en Galicia.
DESCRICIÓN	O espectáculo musical de Batuko Tabanka complementábase con breves intervencións sobre a cultura caboverdiana e a integración desta comunidade en Galicia. A emigración, a identidade ou a situación da muller son algún dos temas que abordan as cancións, nas que elas baten con forza e alegría sobre un pano pregado que colocan entre as pernas, o batuko, e mesmo saen a bailar nalgunhas ocasións. Suxírese que a/o representante política/o do Fondo Galego no correspondente concello/deputación participe na presentación da actividade, expoñendo os vínculos entre a entidade e Cabo Verde, para o que a Secretaría Técnica pode facilitar a información necesaria. +info
PÚBLICO	Público xeral
DURACIÓN	45 minutos
RECURSOS	Equipo de son con micrófonos (12 a ser posible). 12 cadeiras. Augas para a actuación e pincho ao remate.
PERÍODO	De abril a decembro, sábado ou domingo.
ACCIÓNS OPCIONAIS	<ul style="list-style-type: none">• Exposición ‘Galicia-Cabo Verde: unha irmandade’
MATERIAIS ADICIONAIS	<ul style="list-style-type: none">• Modelo de cartel• Modelo de nota de prensa• Fotografías promocionais